

**ACTA N.º 01 / 2019**

**SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO PROVINCIAL DE TURISMO**

<b>DATA</b>	Mércores ,6 de MARZO de 2019
<b>HORA</b>	17:30 horas
<b>LUGAR</b>	Salón de plenos do Pazo Provincial de San Marcos (Lugo)
<b>ASISTENTES</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• PRESIDENTE: DARÍO CAMPOS CONDE</li><li>• VICEPRESIDENTE: EDUARDO VIDAL BAAMONDE</li><li>• SECRETARIO: JOSÉ ANTONIO MOURELLE CILLERO</li><li>• GRUPO PROVINCIAL PSDG: PILAR GARCÍA PORTO (TITULAR)</li><li>• GRUPO PROVINCIAL PSDG:SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO (TITULAR)</li><li>• GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: JUAN CARLOS ARMESTO QUIROGA (TITULAR)</li><li>• GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA (TITULAR)</li><li>• GRUPO PROVINCIAL BNG: ANTONIO VEIGA OUTEIRO (TITULAR)</li><li>• CONSORCIO DE TURISMO DA RIBEIRA SACRA: LUÍS FERNÁNDEZ GUITIÁN (TITULAR)</li><li>• VICERREITORADO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CAMPUS DE LUGO: JESÚS VARELA ZAPATA (TITULAR)</li><li>• CLUSTER DE TURISMO DE GALICIA: JACOBO GARCÍA – BOBADILLA PRÓSPER (SUPLENTE)</li><li>• ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO NA PROVINCIA DE LUGO: ÁNGEL TRABADA GÓMEZ (TITULAR)</li><li>• ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE LUGO - APEHL: JACOBO GARCÍA-BOBADILLA PRÓSPER (SUPLENTE)</li><li>• FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO: JOSÉ MARÍA SEIJAS LÓPEZ (TITULAR)</li></ul>

- ASOCIACIÓN GALEGA DE AXENCIA DE VIAXES- AGAVI: JUAN ANTONIO RIBADULLA FERNÁNDEZ (TITULAR)
- ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE GUÍAS DE TURISMO DE GALICIA - APIT GALICIA: MÓNICA DÍAZ JUBLÍN (TITULAR)
- ASOCIACIÓN GALEGA DE PROPIEDAD BALNEARIA – BALNEGAL: ANTONIO GARALOCES PAZ (SUPLENTE)
- FEDERACIÓN GALEGA DE TURISMO RURAL - FEGATUR: FRANCISCO XABIER ALMUÍÑA CHORÉN (SUPLENTE)
- AUXILIA: MARÍA NURIA NEIRA VILA (SUPLENTE)
- XEFE DE ÁREA CULTURA E TURISMO: MERCEDES LAMELA LÓPEZ.
- MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA MARIÑA - **AUSENTE.**
- EXPERTO NO ÁMBITO UNIVERSITARIO: MIGUEL PAZOS OTÓN – **AUSENTE.**
- AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA – **AUSENTE**
- ASOCIACIÓN DE CONSUMIDORES E USUARIOS DA PROVINCIA DE LUGO - ACUL – **AUSENTE**

## ORDE DO DÍA

1 – Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria de constitución do Consello Provincial de Turismo celebrada con data 17 de outubro de 2018.

2.-Dación de conta das principais accións realizadas polo Servizo de Turismo no marco do Plan Estratéxico de Turismo 2017-2020 e do calendario de actuacións máis inmediatas.

3.-Estudo da proposta dun borrador de bases para a creación dos Premios Provinciais do Turismo e da Gastronomía Lucense.

4.-Solicitud de adhesión ao Consello Provincial de Turismo da Asociación de Profesionais do Turismo de Galicia (PROTURGA)

5.-Rogos, preguntas e propostas.

## DESENVOLVEMENTO

### **1 – Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria de constitución do Consello Provincial de Turismo celebrada con data 17 de outubro de 2018.**

No Pazo Provincial de San Marcos ás 17:30 horas, o Presidente, Sr. D. Darío Campos Conde, toma a palabra e abre a sesión ordinaria do Consello Provincial de Turismo, agradecendo a asistencia dos participantes e indicando que nesta sesión ordinaria vaise analizar as actividades desenvoltas dende o Servizo de Turismo así como a posta en valor de todo o feito. Insiste en que a Deputación móstrase aberta a aportacións dos membros do Consello e as propostas que poidan xurdir na Sesión.

Despois de que o Secretario, Sr. Antonio Mourelle Cillero lese o primeiro punto da orde do día, o Presidente outórgalle a palabra ao Vicepresidente do Consello, Sr. Eduardo Vidal Baamonde, que informa da existencia de dúas entidades: ACUL (Asociación de Consumidores e Usuarios da Provincia de Lugo) e a Axencia de Turismo de Galicia, que aínda non remitiron a súa aceptación nin nomearon os vogais para o Consello de Turismo de Provincia de Lugo, pese a que dende a presidencia remitiuse invitacións formais para formar parte do mesmo.

O Vicepresidente sinala que se trata dun Consello aberto á participación de novos membros e por iso pon esta información en coñecemento dos vogais para saber se se somete a consideración a continuación de ditas organizacións ou, pola contra, agárdase a que se teña unha resposta das mesmas.

Procédese á votación da acta da Sesión extraordinaria de constitución do Consello Provincial de Turismo.

Votos a favor: 19. (Darío Campos Conde, Eduardo Vidal Baamonde, Pilar García Porto, Sonsoles López Izquierdo, Juan Carlos Armesto Quiroga, José Demetrio Salgueiro Rapa, Antonio Veiga Outeiro, Luís Fernández Guitián, Jesús Varela Zapata, Jacobo García – Bobadilla Prósper (CLÚSTER DE TURISMO DE GALICIA), Ángel Trabada Gómez, Jacobo García-Bobadilla Prósper (ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE LUGO - APEHL), José María Seijas López, Juan Antonio Ribadulla Fernández, Mónica Díaz Jublín, Antonio

Garaloces Paz , Francisco Xabier Almuíña Chorén, María Nuria Neira Vila e Mercedes Lamela López).

Abstencións: 0.

Votos en contra: 0.

Quedando aprobada a acta da Sesión extraordinaria.

## **2.-Dación de conta das principais accións realizadas polo Servizo de Turismo no marco do Plan Estratéxico de Turismo 2017-2020 e do calendario de actuacións máis inmediatas.**

O Presidente cédelle a palabra ao Vicepresidente, D. Eduardo Vidal Baamonde, que comeza co relato de actuacións levadas a cabo pola Deputación de Lugo dentro dos eixos e liñas recollidas no Plan Estratéxico da Provincia de Lugo.

Nun primeiro lugar faise fincapé en todo o traballo realizado dende o Servizo de Turismo para conseguir que as accións desenvoltas se leven a cabo.

Acto seguido comeza a relatar a dación de contas das actividades levadas a cabo polo organismo provincial.

Así, no punto sobre o goberno integral do destino a través da reorientación da xestión turística, o Vicepresidente fai referencia á sinalización turística intelixente e á app de turismo provincial que se atopa neste momento en fase de adxudicación por un importe de 170.000 euros. O proxecto de sinalización comezará como plan piloto no Casco Histórico da cidade de Lugo o que poderán acollerse nun futuro os concellos da provincia de Lugo. Menciona que dita sinalización constará duns puntos de accesibilidade á información que se complementará cunha app móbil dotada de ata 1.200 recursos turísticos provinciais. Engade tamén que a aplicación tamén permitirá a planificación previa da viaxe.

Prosegue a expoñer sobre a posta en valor dos recursos patrimoniais, naturais e culturais onde, neste senso, o Vicepresidente fai referencia ás colaboracións realizadas con diferentes asociacións, destacando as accións desenvoltas coa

Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría de Lugo (APEHL), entre as que se destacou: a docencia de cursos de enoturismo, a colaboración na edición da guía turística da APEHL e a programación de accións promocionais de produtos de Lugo aollidos a Denominacións de Orixe, Indicacións Xeográficas Protexidas ou Razas Autóctonas, para poñelos en valor.

Menciónase tamén un convenio realizado coa Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento dun proxecto de micoturismo no xeodestino de Ancares – Courel vinculado á gastronomía, celebracións e publicacións científicas.

O Deputado Delegado de Turismo, D. Eduardo Vidal Baamonde sinala tamén a colaboración económica realizada para a candidatura de Xeoparque Mundial da Unesco ás Montañas do Courel.

Outro elemento que se resaltou foron as Rutas Fluviais polo Miño e polo Sil sinalando que, nos pregos de concesión deste ano do servizo de catamaráns, valorarase a realización de actividades piloto que contribúan a facer as viaxes de volta máis atractivas para os usuarios destas embarcacións así como o desenvolvemento de actividades didácticas para escolares.

Indícase tamén as accións vinculadas á creación dun Ecosistema Integrado de Turismo Científico no territorio de Ancares – Courel que teñen como fin dotar de singularidade visible a esta zona ademais de desenvolver unha serie de produtos vinculados con este tipo de turismo tales como a creación de rutas ou a celebración de xornadas educativas.

Continúase facendo referencia ao plan de promoción atendendo á demanda. Neste punto o Deputado – Delegado de Turismo, sinala que a promoción é un dos temas máis recorrentes nas diferentes mesas de traballo, entre elas a promoción online. Neste punto refírese a creación da nova web de turismo da Deputación Provincial de Lugo realizada con medios propios e que se pon a disposición dos visitantes. Trátase dunha páxina áxil que mostra os recursos da provincia e que pretende ser espazo de encontro institucional e profesional.

Sínálase que se están a desenvolver distintos tipos de accións diarias nas redes sociais como elemento de promoción online tanto dos recursos coma dos eventos realizados por parte da Deputación Provincial de Lugo, converténdose

tamén no escaparate das diversas campañas audiovisuais realizadas baixo o lema Lugo Cambia.

Indícase tamén que se levou a cabo un Fam Trip con xornalistas e profesionais de empresas turísticas que recorreron durante 3 días o Camiño Norte mostrando as riquezas culturais, gastronómicas e artísticas do mesmo.

Menciónase a asistencia a diferentes feiras referentes do sector turístico tales como Fitur en Madrid; Xantar en Expourense (onde a Deputación Provincial de Lugo recibiu o Distintivo ao Mérito Turístico da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago) e a participación na feira bianual Fair Way, sobre o Camiño de Santiago. Sinala tamén a participación en futuros eventos tales como Expocidades (vinculada ao Eixo Atlántico) a celebrarse en Braga ou Termatalia, cita obrigada para a posta en valor do Turismo Termal, de saúde e de benestar. Tamén este ano estarase por primeira vez en Expovacaciones no mes de maio en Bilbao, xa que se considera moi importante a presenza nunha feira referente na cornixa cantábrica e onde se prevé que se supere os 130.000 visitantes.

Insístese tamén na asistencia a Seminarios de Intercambio de Experiencias no ámbito do turismo do Eixo Atlántico en Monforte de Lemos (que tamén organizou a Deputación de Lugo) así como na vila de Barcelos.

Sínalase a promoción turística a través da marca Lugo Cambia en equipos da provincia como o Club Baloncesto Breogán ou o Club Deportivo Lugo, tanto nas camisetas, coma nas publicacións en redes sociais.

O Deputado fala sobre a publicación dun mapa turístico e folletos dos catro xeodestinos e gastronomía de provincia, da edición de material divulgativo tales como o libro do Courel, a Enciclopedia da Comida Galega, a Guía das Igrexas Románicas da Ribeira Sacra (en colaboración coa Fundación Xosé Soto de Fión), o libro Coloreando a Provincia de Lugo (con máis de trinta imaxes representativas) e da edición de material por parte do Eixo Atlántico como é o libro “Patrimonio Natural. Paraíso Terrenal” centrado nas Reservas da Biosfera e na Rede Natura ou a guía termal que está en proceso de elaboración.

Engádese que tamén se apoiou á participación en programas de televisión como foi o caso de Máster Chef Celebrity centrado na Ribeira Sacra e en reportaxes en medios especializados como Aire Libre, no que xa se teñen

publicado informacións sobre os catro xeodestinos, ou “Viajar con Hijos” que se publicará en breve.

Apuntouse tamén a participación da primeira mesa provincial do camiño institucional, técnica e de asociacións e cuxas conclusións están elevadas a Xunta de Galicia e a disposición na páxina web de Turismo da Deputación de Lugo. Engadiuse que se veu de participar na segunda mesa técnica institucional do Camiño celebrada fai uns días na cidade de Palencia onde se puxeron en común as liñas de actuación de base cara o Xacobeo 2021.

No referente ao Plan de Comercialización atendendo aos produtos turísticos prioritarios, o Vicepresidente sinala que se participou en asociacións tales como ACEVIN - Asociación Española de Cidades do Viño, a cal modernizou recentemente a súa web na que está presente a Deputación de Lugo; Vilas Termas da Federación Española de Municipios e Provincias e o Eixo Atlántico.

Finalmente, faise unha mención das axudas realizadas a través do Plan Único por importe de 231.000 Euros, así como as subvencións nominativas e excepcionais por valor de 200.000 Euros a repartir entre actividades dos propios colectivos e asociacións vinculados ao turismo.

Insístese que o mencionado é un resumo do que se está a facer dende o Servizo de Turismo da Deputación Provincial de Lugo e ponse a disposición do Consello para calquer aclaración ou dubida.

Finalizada a súa intervención, solicita a palabra o representante do Grupo Provincial do Partido Popular, D. Juan Carlos Armesto Quiroga, que pregunta sobre o proxecto de implantación da sinalización intelixente indicando se podía aclarar un pouco máis ao respecto.

Responde o Vicepresidente, D. Eduardo Vidal Baamonde, que este proxecto ten como fin pór a disposición dos visitantes información dos distintos puntos e cidades en dispositivos de descarga que se complementará cunha sinalización horizontal nos lugares de interese. Isto permitirá que os futuros turistas poidan planificar percorridos antes de chegar ao destino e, unha vez nos mesmos, poidan tamén acceder á información nos puntos de descarga habilitados. Trátase de combinar a información gráfica dos paneis coa información online. A sinalización intelixente implantarase en Lugo a modo de proba-piloto e ,posteriormente, esa base porase a disposición dos distintos concellos para que

poidan instalar esta sinalización. A idea é que este servizo estea contratado en breve por un importe de, ao redor, de 170.000 Euros.

O representante do Grupo Provincial do Partido Popular, D. Juan Carlos Armesto Quiroga, engade que considera que é un proxecto que está ben e sinala que unha vez implantado en Lugo, a segunda fase do proxecto de sinalización se expanda a outros lugares da provincia, como pode ser a Ribeira Sacra e a outras comarcas.

### **3.- Estudo da proposta dun borrador de bases para a creación dos Premios Provinciais de Turismo e da Gastronomía Lucense.**

O Vicepresidente do Consello, D. Eduardo Vidal Baamonde, sinala que no Plan Estratéxico de Turismo da Provincia de Lugo mencionábase a creación duns premios para o Turismo e a Gastronomía Lucense e indica que o borrador de bases remitíuselle aos membros do Consello Provincial. Estes galardóns están pensados para premiar a dedicación de distintas empresas, persoas e institucións que teñan mérito e traxectoria profesional na posta en marcha de actuacións innovadoras no eido do turismo e da gastronomía lucense. Propúxose e así se considerou que fosen do xeito máis aberto posible, de tal maneira que calquera entidade física ou xurídica da provincia e, incluso, de fóra da mesma que teña realizado importantes aportacións ao sector turístico e ao sector gastronómico provincial puideran ser propostos para estes premios.

O Vicepresidente engade que no caso de que as candidaturas propostas coincidan con algún dos membros do Consello Provincial de Turismo, este deberá de absterse da deliberación e da votación. Acto seguido invita aos membros do Consello a debater sobre os puntos que consideren necesarios da proposta.

A idea, engade o Vicepresidente, e que sexan entregados o día 27 de setembro, Día Mundial do Turismo, para recoñecer esas accións a favor do tecido socio-económico ligado ao turismo.

Toma a palabra o representante do Vicerreitorado da Universidade de Santiago de Compostela no Campus de Lugo, D. Jesús Varela Zapata, pregunta por que os premios, ao non ter dimensión económica, teñen como requisitos que os premiados deban estar ao corrente das obrigas tributarias e na prevención de riscos.



O Vicepresidente responde que se, por un lado, estase a fomentar e a premiar as boas prácticas, o bo exemplo e o bo traballo, por outro lado, a entidade que non cumpra cas suas obrigas non debe ser considerada para os mesmos.

Seguidamente toma a palabra a representante da Asociación Profesional de Guías de Turismo de Galicia - APIT Galicia, Dna. Mónica Díaz Jublín, que engade que se trata dun premio a exemplaridade e que a exemplaridade non é só innovación, senón que tamén é cas empresas estean cubertas legalmente en tódolos aspectos e rexistros xa que hai empresas innovadoras que non o fan.

A continuación, toma a palabra o representante do Grupo Provincial do BNG, o Sr. Antonio Veiga Outeiro, que fala sobre, ao seu entender, a necesaria redacción das bases dos premios en linguaxe de xénero inclusiva que é a que debe prevalecer en toda a Administración Pública e que non se reflexa en partes do texto.

Toma a palabra o Presidente, sinalando que se terá en consideración a petición realizada.

Procédese a votación das bases dos Premios de Turismo:

Votos a favor: 19. (Darío Campos Conde, Eduardo Vidal Baamonde, Pilar García Porto, Sonsoles López Izquierdo, Juan Carlos Armesto Quiroga, José Demetrio Salgueiro Rapa, Antonio Veiga Outeiro, Luís Fernández Guitián, Jesús Varela Zapata, Jacobo García – Bobadilla Prósper (CLÚSTER DE TURISMO DE GALICIA), Ángel Trabada Gómez, Jacobo García-Bobadilla Prósper (ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE LUGO - APEHL), José María Seijas López, Juan Antonio Ribadulla Fernández, Mónica Díaz Jublín, Antonio Garaloces Paz, Francisco Xabier Almuíña Chorén, María Nuria Neira Vila e Mercedes Lamela López)

Abstencións: 0.

Votos en contra: 0.

Quedando aprobadas as bases Premios Provinciais de Turismo e da Gastronomía Lucense.

#### **4.-Solicitud de adhesión ao Consello Provincial de Turismo da Asociación de Profesionais do Turismo de Galicia (PROTURGA)**

Toma a palabra o Vicepresidente, D. Eduardo Vidal Baamonde que sinala que no artigo 5 do Regulamento do Consello de Turismo da Provincia de Lugo indica que, dado o carácter aberto do Consello Provincial de Turismo e previa solicitude, poderán incorporarse novas vocalías en representación de institucións ou colectivos do sector a nivel provincial, correspondendo ao Pleno do Consello a súa aceptación ou denegación.

Sinala que con data 14 de decembro remitiuse á presidencia da Deputación unha solicitude da Asociación de Profesionais do Turismo de Galicia – Proturga para formar parte deste Consello. O Vicepresidente comenta que esta asociación xa esta incluída no Consello Provincial de Turismo a través do Clúster de Turismo de Galicia. Ademais, ao ser unha asociación de profesionais, tamén está incluída a través de APEHL ou da Asociación de Guías Turísticos entre outras. E por iso que se considera que esta asociación xa ten recoñecida a súa participación no Consello e, por tanto, entende quen non debía de ser aceptada no mesmo.

Seguidamente toma a palabra o representante do Grupo Provincial do Partido Popular, D. Juan Carlos Armesto Quiroga, que sinala que el descoñece esa asociación pero o feito de que queiran participar é positivo. Indica que antes o Deputado Delegado de Turismo e Cultura mencionou asociacións que non acudían as sesións do Consello e considera unha situación axeitada que haxa entidades que queiran formar parte do mesmo. No obstante, engade, vaise abster na proposta.

Toma a palabra a representante da Asociación Profesional de Guías de Turismo de Galicia - APIT Galicia, Dña. Mónica Díaz Jublín que indica que está a favor do que di o Vicepresidente xa que de feito membros da súa asociación tamén pertencen a PROTURGA.

Acto seguido toma a palabra o representante do Grupo Provincial do BNG, o Sr. Antonio Veiga Outeiro indicando que está de acordo con que entidades xa representadas non sexan admitidas no Consello.

Procédese a votación da non adhesión ao Consello Provincial de Turismo da Asociación de Profesionais do Turismo de Galicia (PROTURGA):

Votos en contra: 0.

Abstencións: 3. (Juan Carlos Armesto Quiroga, José Demetrio Salgueiro Rapa e Luís Fernández Guitián).

Votos a favor: 16. (Darío Campos Conde, Eduardo Vidal Baamonde, Pilar García Porto, Sonsoles López Izquierdo, Antonio Veiga Outeiro, Jesús Varela Zapata, Jacobo García – Bobadilla Prósper (CLÚSTER DE TURISMO DE GALICIA), Ángel Trabada Gómez, Jacobo García-Bobadilla Prósper (ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE LUGO - APEHL), José María Seijas López, Juan Antonio Ribadulla Fernández, Mónica Díaz Jublín, Antonio Garaloces Paz, Francisco Xabier Almuíña Chorén, María Nuria Neira Vila e Mercedes Lamela López).

#### **5.-Rogos, preguntas e propostas.**

Toma a palabra a representante de Auxilia, Dna. María Nuria Neira Vila, que sinala que dende a súa asociación cada vez lle chegan máis colectivos que queren visitar a cidade de Lugo pero atópanse co problema que hai zonas verdes e rutas de sendeirismo que son inaccesibles polo que pregunta se haberá algunha forma de facilitarlle información de rutas accesibles a este tipo de visitantes antes da súa chegada.

Responde o Vicepresidente, D. Eduardo Vidal Baamonde, sinalando que na actualidade estase a traballar nun proxecto para facer un estudo das accesibilidades a un territorio determinado, neste caso trataríase da Ribeira Sacra e da Ruta do Viño.

Toma a palabra o representante de Fegatur, D. Francisco Xabier Almuíña Chorén que sinala a necesidade que dende o Consello Provincial de Turismo ou dende a propia Deputación Provincial de Lugo se promova a mellora ou a revisión das páxinas web dos diferentes concellos xa que se detectou, non só faltas de ortografía, senón tamén unha redacción moi básica e con falta de interese. Indica que se debe facer un esforzo de mellora para que a imaxe transmitida sexa unha imaxe digna.

Continúa coa súa intervención engadindo que os viaxeiros e os turistas que veñen a nosa provincia ademais de pola paisaxe, pola cultura, polo patrimonio ou pola gastronomía, tamén veñen polo xeito de ser dos lucenses e deberíase

traballar a estima da xente dos nosos pobos, das nosas aldeas e das nosas vilas xa que nalgúns casos tendemos a universalizar e estandarizar un modelo de turismo que pouco ten que ver coa nosa identidade e co noso xeito de ser. Debemos, engade, afondar e traballar nesa tarefa, empezando polos máis pícaros xa que é lamentable que os nosos nenos e nenas non coñezan a historia, patrimonio, as letras ou moitas das cousas que na nosa terra temos. O mesmo pasa coa xente nova, e creo que sería unha boa ocasión de que poidan ser os mellores embaixadores e embaixadoras da nosa terra, xa que empregan con moita facilidade a tecnoloxía que pode ser un vehículo para dar a coñecer o noso.

Finalmente engade que é necesario que os veciños e as veciñas sintan orgullo de ser de Lugo.

O Presidente sinala que se tomará nota do sinalado

Non habendo máis pregunta, toma a palabra o Presidente para dar por finalizada a sesión ordinaria, senda as 18:25 horas.

V. e pr.  
O Presidente



Darío Campos Conde

O Secretario



José Antonio Mourelle Cillero